



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL SAÍDA

03 SET. 2018

Núm. ....10623.....

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

32731 (10/CPC-000058)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, por petición propia, para informar da creación e obxectivos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018*

**Punto 2. Preguntas**

2.1 33464 (10/POC-005227)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre os resultados da aplicación da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018*

2.2 33490 (10/POC-005238)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego destinadas a paliar a crise do sector cunicultor

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

3.1 31834 (10/PNC-002588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o deseño e a dotación orzamentaria polo Goberno galego dun plan experimental de cultivo de variedades de mazás autóctonas en distintas áreas xeográficas co fin de estudar a súa viabilidade e a súa introdución no

mercado con marchamo de calidade e singularidade, así como a súa posta a disposición dos agricultores mediante campañas de orientación e divulgación

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018*

3.2 33338 (10/PNC-002729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso como vivenda por un particular do inmovible propiedade da Xunta de Galicia coñecido como "casa da Pedraqueira", no lugar de Ribeira, Reis, no concello de Teo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 03/09/2018 13:23:05**